

**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN DO CONCELLO DE MOAÑA
CELEBRADA O DÍA 30 DE ABRIL DE 2015**

ASISTENTES	
	GRUPO POLÍTICO
ALCALDE:	
D. José Fervenza Costas	PP
CONCELLEIROS/AS:	
D ^a . Susana Varela Santiago	PP
D. Jorge Santomé Gestido	PP
D ^a . María Colomba López Freire	PP
D ^a . Rosa Solla Veiga	PP
D ^a . Raquel Carro Sequeiros	PP
D ^a . María del Carmen Regueira Fernández	PP
D. Vicente Verdeal Ríos	PP
D. Xosé Manuel Millán Otero	BNG
D ^a . María Martínez Nogueira	BNG
D ^a . María Beatriz Riobó Rouco	BNG
D. Odilo Barreiro Martínez	BNG
D ^a . Coral Ríos Santomé	BNG
D ^a . Araceli Gestido Rodríguez	BNG
D ^a . Marta Freire Riobó	PS de G-PSOE
D. María Dolores Miranda Costas	PS de G-PSOE
SECRETARIO:	
D. Adamantino Barreiro García	
AUSENTES:	
D ^a . María Libertad Cruz Couso	BNG

En Moaña, o 30 de abril de 2015, xoves, ás 20.00 horas no salón de plenos da Casa do Concello, tras a convocatoria para o efecto, reúnen, en primeira e pública convocatoria, os señores concelleiros e as señoras concelleiras que se relacionan na marxe co obxecto de celebrar sesión ordinaria do Pleno da Corporación do Concello de Moaña.

A todos/as os/as asistentes entregóuselles copia da orde do día, cos asuntos para tratar, poñéndose á súa disposición o expediente da sesión e cumprindo os trámites esixidos pola normativa vixente. Escusa a súa asistencia a concelleira D^a. María Libertad Cruz Couso.

Estando presente o quórum necesario, o Sr. presidente declara validamente constituída a sesión.

ORDE DO DÍA

1º.- Aprobación, se procede, da actas das sesións anteriores

2º.- Información sobre o cumprimento

ou estado da xestión das mocións presentadas polas asociacións ou entidades rexistradas

- 3º.- Resolucións da Alcaldía
- 4º.- Dar conta do informe de avaliación do cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria, regra de gasto e do límite de débeda con motivo da liquidación do orzamento do exercicio 2014
- 5º.- Aprobación, se procede, de expediente modificación de crédito nº 8/15 por transferencia de crédito 3/15
- 6º.- Moción da AAVV A Chamusca contra a privatización do Rexistro Civil.
- 7º.- Moción do BNG a prol do mantemento e gratuidade dos rexistros civís.
- 8º.- Moción da Plataforma en Defensa da Sanidade Pública.
- 9º.- Dación de conta: solicitude de transferencia finalista para o cofinanciamento dos servizos sociais comunitarios de titularidade municipal
- 10º.- Rogos e preguntas

1º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DAS ACTAS DA SESIÓN ANTERIORES

O Sr. presidente dá conta dos borradores das actas das sesións anteriores, correspondentes á sesión ordinaria que tivo lugar na data do 26 de marzo de 2015, e extraordinaria que tivo lugar na data 25 de abril 2015, e pregunta se algún membro da Corporación desexa formular observacións ou rectificacións a estas.

Sometidos os borradores das actas a votación, son aprobadas, por unanimidade dos quince

membros da Corporación presentes, as actas correspondentes ás sesións ordinarias da data 26 de marzo de 2015, e extraordinaria de data 25/04/2015.

2º.- INFORMACIÓN SOBRE O CUMPRIMENTO OU ESTADO DA XESTIÓN DAS MOCIÓNS PRESENTADAS POLAS ASOCIACIÓNS OU ENTIDADES REXISTRADAS

O Sr. Alcalde informa das xestións das mocións presentadas polas asociacións ou entidades rexistradas, así como as datas nas que se remitiron. Informa de que a moción presentada polo Grupo Municipal do BNG, na que solicita á Dirección Xeral de Mobilidade que exerza as súas funcións, esixíndolle á empresa que presta o servizo de transporte marítimo Moaña-Vigo a restauración das liñas e horarios eliminados nos últimos tempos, remitiuse a Consellería da Presidencia – Xunta de Galicia o 28/04/15 e a Dirección Xeral de Mobilidade o 28/04/15.

3º.- RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA

Dáse conta das resolucións da Alcaldía comprendidas entre a número 108, do 25/03/2015, e a número 152, da data 24/04/2015.

O Pleno da Corporación queda ao corrente.

4º.- DAR CONTA DO INFORME DE AVALIACIÓN DO CUMPRIMENTO DO OBEXECTIVO DE ESTABILIDADE ORZAMENTARIA, REGRA DE GASTO E DO LÍMITE DE DÉBEDA CON MOTIVO DA LIQUIDACIÓN DO ORZAMENTO DO EXERCICIO 2014

Dáse conta do informe realizado pola interventora municipal, dona Mª Carmen Carrecelas Rosales, que literalmente di:

REF. 46/2015

DATA: 24 DE MARZO DE 2015
ASUNTO: AVALIACIÓN DO CUMPRIMENTO DO OBEXECTIVO DE ESTABILIDADE ORZAMENTARIA, DA REGRA DE GASTO E DO LÍMITE DA DÉBEDA CON MOTIVO DA LIQUIDACIÓN DO ORZAMENTO DO CONCELLO DE MOAÑA CORRESPONDENTE AO EXERCICIO 2013.
PARA: ALCALDE E CONCELLO PLENO DO CONCELLO DE MOAÑA.

Mª del Carmen Carracelas Rosales, funcionaria da escala de habilitación de carácter nacional, interventora no Concello de Moaña, vistos os estados contables deste Concello correspondentes ao ano 2014, e en cumprimento do artigo 16 do Real decreto 1463/2007, do 2 de novembro, polo que se aproba o regulamento da lei de estabilidade orzamentaria na súa aplicación ás entidades locais, así como do disposto na Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sostenibilidade financeira informa o seguinte en relación co cumprimento do principio de estabilidade orzamentaria da liquidación do orzamento do 2014, o cumprimento da regra de gasto e do límite da débeda.

INFORME DE INTERVENCIÓN

ASUNTO: Informe sobre a avaliación do cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria, da regra de gasto e do límite de débeda posta de manifesto na liquidación do orzamento do Concello de Moaña correspondente ao ano 2014.

LEXISLACIÓN E NORMATIVA EXAMINADA.-

1. Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora de bases de réxime local.
2. Real decreto legislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local.
3. Real decreto 500/1990, do 20 de abril, de orzamentos das entidades locais.
4. Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sostenibilidade financeira (LOEPSF).
5. Real decreto 1463/2007, do 2 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento da estabilidade orzamentaria, na súa aplicación ás entidades locais.
6. Orden ministerial HAP/2015/2012, do 1 de outubro, polo que se desenvolven as obrigas de subministración de información previstas na LOEPSF, modificada pola HAP/2082/2014, do 7 de novembro.
7. Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, en relación co Principio de estabilidade orzamentaria (artigos 54.7 e 146.1). (TRLRFL)
8. Manual de cálculo do déficit en contabilidade nacional adaptado ás corporacións locais, publicado pola Intervención Xeral da Administración do Estado, Ministerio de Economía e Facenda.
9. Guía para a determinación da regra de gasto do artigo 12 da LOEPSF para as corporacións locais, 2ª edición. IGAE.
10. Manual do SEC 95 sobre o déficit público e a débeda pública, publicado por Eurostat.
11. Regulamento 2223/1996 do Consello da Unión Europea.
12. Regulamento 2516/2000 do Consello da Unión Europea.

ANTECEDENTES.-

- ❖ O orzamento do Concello de Moaña para o ano 2014 foi o prorrogado de 2011 que foi aprobado definitivamente por acordo do Concello-pleno en sesión celebrada o día 20 de xaneiro de 2011.
- ❖ O orzamento do Concello de Moaña liquídase en canto á recadación de dereitos e ao pago de obrigas o 31 de decembro do ano 2014, quedando a cargo da Tesouraría os ingresos e pagos pendentes.

INFORME.-

PRIMEIRO.- CUMPRIMENTO DO OBXECTIVO DE ESTABILIDADE

O artigo 1 da LOEPSF establece:

“Constitúe o obxecto da presente Lei o establecemento dos principios reitores, que vinculan a todos os poderes públicos, aos que deberá adecuarse a política presupuestaria do Sector Público orientada á estabilidade orzamentaria e a sostenibilidade financeira, como garantía do crecemento económico sostido e a creación de emprego, no desenrolo do artigo 135 da Constitución Española.

Así mesmo, establécense os procedementos necesarios para a aplicación efectiva dos principios de estabilidade orzamentaria e de sostenibilidade financeira, nos que se garante a participación dos órganos de coordinación institucional entre as Administracións Públicas en materia de política fiscal e financeira; o establecemento dos límites de déficit e débeda, os supostos excepcionais nos que poden superarse e os mecanismos de corrección das desviacións; e os instrumentos para facer efectiva a responsabilidade de cada Administración Pública no caso de incumprimento, no desenrolo do artigo 135 da Constitución Española e no marco da normativa Europea”.

O artigo 3, referido o principio de estabilidade orzamentaria establece:

“Art. 3 Principio de estabilidade orzamentaria.

1.- A **elaboración, aprobación e execución dos Orzamentos** e demais actuacións que afecten aos gastos ou ingresos dos distintos suxeitos comprendidos no ámbito de aplicación desta Lei **realizárase nun marco de estabilidade orzamentaria**, coherente coa normativa europea.

2.- Entenderase por estabilidade orzamentaria das Administracións Públicas **a situación de equilibrio ou superávit estrutural.**

O artigo 11 da LOEPSF, no punto 4, sinala que "**as corporacións locais deberán manter unha posición de equilibrio ou superávit orzamentario**". Así, o Consello de Ministros, na data do 20 de xullo de 2012, establece como obxectivo de estabilidade orzamentaria para as corporacións locais no trienio 2013-2015 o equilibrio.

Para as corporacións locais, clasificadas como administracións públicas segundo o Sistema Europeo de Contas, cúmprese o obxectivo de estabilidade orzamentaria se **o grupo local consolidado formado pola administración principal e os seus entes dependentes presenta equilibrio ou superávit**, de acordo coa definición contida no Sistema Europeo de Contas. Para estes efectos hai que sinalar que o Concello de Moaña conta cun organismo autónomo, denominado Patronato Municipal Beiramar.

A estabilidade orzamentaria implica que os recursos correntes e de capital non financeiros deben ser suficientes para facer fronte aos gastos correntes e de capital non financeiros. A capacidade investidora municipal virá determinada polos recursos de capital non financeiros, e os recursos correntes non empregados nos gastos correntes (aforro bruto).

O cálculo da capacidade/necesidade de financiamento nos entes sometidos a orzamento limitativo/contabilidade pública, obtense, segundo o manual da IGAE e como o interpreta a Subdirección Xeral de Relacións Financeiras coas Entidades Locais, pola diferenza entre os **importes dos capítulos 1 a 7 dos estados de ingresos e os capítulos 1 a 7 do estado de gastos**, previa aplicación dos axustes relativos a valoración, imputación temporal, exclusión ou inclusión dos ingresos e gastos non financeiros.

- (+) Ingresos non financeiros. Suma dos ingresos dos cap. I a VII.
- (-) Gastos non financeiros. Suma dos gastos dos cap. I a VII.
- (+/-) Axustes que hai que aplicar ao saldo resultante dos Ingresos e Gastos non financeiros do orzamento para relacionalo coa capacidade ou necesidade de financiamento calculada conforme o SEC.
- (+/-) Axustes que hai que realizar para homoxeneizar as operacións internas de ingresos e gastos entre entidades da corporación local ou dependentes dela.

CÁLCULO DA ESTABILIDADE ORZAMENTARIA DO CONCELLO DE MOAÑA CON MOTIVO DA LIQUIDACIÓN DO ORZAMENTO 2014. AXUSTES

Con carácter xeral, a totalidade dos ingresos e gastos non financeiros orzamentarios, sen prexuízo da súa reclasificación en termos de partidas de contabilidade nacional, corresponden á totalidade dos empregos e recursos que se computan na obtención da capacidade/necesidade de financiamento do subsector corporacións locais das Administracións Públicas da Contabilidade Nacional. As diferenzas veñen determinadas polos axustes que se describen nos apartados seguintes deste informe, citándose soamente os aplicables ao Concello de Moaña.

Polo tanto, a estabilidade orzamentaria pasará por calcular:

- a) Saldo orzamentario non financeiro:
(Cap. I a VII de ingresos) - (Cap. I a VII de gastos) = +capacidade/- necesidade de financiamento.
- b) Saldo orzamentario non financeiro +/- axustes SEC95 = +capacidade/- necesidade de financiamento en termos do Sistema Europeo de contas.

O SEC95, o Regulamento (CE) nº 2516/2000 do Parlamento europeo, de 7 de novembro, e a primeira edición do manual de cálculo do déficit en contabilidade nacional adaptado ás corporacións locais da Intervención Xeral da Administración do Estado ditan unha serie de criterios que afectan directamente aos cálculos contables que serán considerados na medición do obxectivo de estabilidade orzamentaria.

O resumo dos dereitos recoñecidos netos e obrigas recoñecidas netas do Concello de Moaña, o 31 de decembro de 2014, é o seguinte:

INGRESOS		DRN	GASTOS		ORN
Cap.1 Impostos directos		3.337.056,70	Cap. 1 Gastos persoal		4.683.280,70
Cap. 2 Impostos indirectos		50.858,06	Cap. 2 Gastos en bens correntes e servizos		2.450.278,03
Cap. 3 Taxas e outros ingresos		583.188,71	Cap. 3 Gastos financeiros		382.349,96
Cap. 4 Transferencias correntes		3.996.024,12	Cap. 4 Transferencias correntes		294.273,95
Cap. 5 Ingresos patrimoniais		447,88			
Cap. 6 Alleamento de investimentos reais		0,00	Cap. 6 Investimentos reais		161.402,54
Cap. 7 Transferencias de capital		53.905,24	Cap. 7 Transferencias de capital		0,00
Cap. 8 Activos financeiros		8.343,38	Cap. 8 Activos financeiros		8.457,48
Cap. 9 Pasivos financeiros		0,00	Cap. 9 Pasivos financeiros		451.478,19
TOTAIS		8.029.824,09	TOTAIS		8.431.520,85

Sobre os datos achegados pola liquidación do orzamento, de acordo cos criterios establecidos no SEC 95 os axustes que habería que efectuar serían os seguintes.

AXUSTES:

A) INGRESOS

1.- Axuste capítulos I a III de ingresos:

O axuste derivado da aplicación práctica do Regulamento nº 2516/2000 está determinado pola diferenza entre os dereitos recoñecidos pola corporación local e a recadación total en caixa correspondente aos ditos ingresos, tanto do orzamento corrente como de exercicios pechados.

a.- Se o importe dos dereitos recoñecidos supera o valor dos cobros de exercicios correntes e pechados, efectuarase un axuste negativo que reducirá o saldo orzamentario, incrementando o déficit público da corporación local.

b.- Se, polo contrario, a contía dos dereitos recoñecidos é inferior ao importe dos cobros do orzamento corrente e de orzamentos pechados, o axuste positivo, resultante da diferenza de valores, diminuírá o déficit en contabilidade nacional.

	CONTABILIDADE ORZAMENTARIA				CONTAB NACIONAL	AXUSTE	
	DEREITOS RECOÑECIDOS	COBROS CORRENTE	COBROS PECHADO	TOTAL COBROS	IMPORTE	MAIOR DÉFICIT	MENOR DÉFICIT
CAP I	3.337.056,70	3.337.056,70 €	10.773,61 €	3.347.830,31	3.347.830,31		10.773,61

CAP II	50.858,06	50.858,06 €	0,00 €	50.858,06	50.858,06		0,00
CAP III	583.188,71	566.247,91 €	92.908,97 €	659.156,88	659.156,88		75.968,17
TOTAL	3.971.103,47	3.954.162,67	103.682,58	4.057.845,25	4.057.845,25	0,00	86.741,78

2.- Axuste capítulos IV e VII

En contabilidade nacional respectaranse os criterios de contabilización aos que está suxeito o pagador da transferencia. Por tanto, unha vez fixado o momento en que se rexistra o gasto polo pagador, o perceptor da transferencia deberá contabilizala simultaneamente e polo mesmo importe que figure nas contas daquel. Deberá axustarse o importe destes capítulos que figura no orzamento aos criterios do pagador destas; é dicir, terase en conta o importe ingresado polas distintas administracións e non o que figura como previsión de ingreso.

	CONTABILIDADE ORZAMENTARIA				CONTAB NACIONAL	AXUSTE	
	DEREITOS RECOÑECIDOS	COBROS CORRENTE	COBROS PECHADO	TOTAL COBROS	IMPORTE	MAIOR DÉFICIT	MENOR DÉFICIT
CAP IV	3.996.024,12	3.996.024,12	0,00	3.996.024,12	3.996.024,12		
CAP VII	53.905,24	53905,24	0,00	53.905,24	53.905,24		
TOTAL	4.049.929,36	4.049.929,36	0,00	4.049.929,36	4.049.929,36		

B) GASTOS

3.- Axuste capítulo III de gastos

En contabilidade orzamentaria, os xuros aplícanse ao orzamento no momento do vencemento, mentres que na contabilidade nacional se rexistran as cantidades devindicadas durante o exercicio, con independencia de cando se produza o seu pago. A diferenza nace ao aplicar o criterio de caixa e da devindicación na liquidación orzamentaria e na contabilidade nacional respectivamente, do que dá lugar á realización do correspondente axuste por xuros.

A aplicación do principio de devindicación non ten relación co momento no que se recoñece a obriga pola organismo autónomo. Así, pola diferenza entre os dereitos devindicados e as obrigas recoñecidas no orzamento pode xurdir:

1.- Un maior gasto non financeiro para os efectos de contabilidade nacional, cando a contía devindicada supere o importe das obrigas recoñecidas no período. Neste caso, o axuste suporá un maior déficit en contabilidade nacional.

2.- Un menor gasto non financeiro en contabilidade nacional que o recoñecido no orzamento, cando a contía devindicada sexa inferior ás obrigas recoñecidas. Neste caso, o axuste determinará unha maior capacidade de financiamento.

De acordo co principio de importancia relativa, non se efectúa axuste por este concepto, ao considerar que os axustes por maior e menor déficit, compénsase en termos anuais.

4.- Gastos realizados no exercicio e pendentes de aplicar ao orzamento

A conta 413 "Acredores por operacións pendentes de aplicar ao orzamento" recolle as obrigas derivadas de gastos realizados ou bens ou servizos recibidos, para os que non se produciu a súa aplicación ao orzamento sendo procedente a esta.

O acto administrativo de recoñecemento dunha obrigación prodúcese unha vez realizada a prestación a cargo do acredor ou o nacemento do seu dereito en virtude de norma legal. Entre un e outro momento pode mediar un lapso de tempo que depende

de diversas circunstancias formais, motivo polo cal, á data do peche do exercicio deberán rexistrarse aquelas obrigacións vencidas, líquidas e por tanto esixibles, que se produciran aínda que non se ditaran os correspondentes actos administrativos de recoñecemento e liquidación. O principio de devindicación imponse en contabilidade nacional como principio xeral para calquera fluxo económico, e en particular, para as obrigacións. Por tanto, efectuarase o axuste pola diferenza entre ambas as dúas cantidades.

No orzamento do ano 2014, o saldo das obrigas pendentes de aplicar no orzamento (conta 413), o 31 de decembro de 2014, tiña un saldo de 913.589,46€. A distribución das obrigas pendentes de aplicar por exercicio (segundo a data de entrada no rexistro) é a seguinte:

.- obrigas pendentes de aplicar ao orzamento (2014):	221.631,89 €
.- obrigas pendentes de aplicar ao orzamento (2013):	140.705,23 €
.- obrigas pendentes de aplicar ao orzamento (anteriores):	551.252,34 €
TOTAL OBRIGACIÓNS PENDENTES DE APLICAR:	913.589,46 €

Debemos sinalar que nesta cantidade están incluídas o importe das obrigas pagadas no mecanismo de pago a provedores (2ª remesa-2012) e que non foron aplicadas no orzamento a través do correspondente expediente de recoñecemento extraxudicial de créditos (expediente non aprobado en Pleno), as ditas obrigas ascenden ao importe acumulado de 96.425,57 euros. O Pleno acordou non aplicar as ditas obrigas no orzamento, a pesar de que o artigo 10 do Real decreto lei 4/2012, do 24 de febreiro, establecía a obriga de aplicar o orzamento as obrigas pendentes de recoñecer e que se van financiar coa operación de endebedamento.

5.- Consolidación dos orzamentos

A liquidación do orzamento non debe ser analizada co obxecto de concluír se proceden axustes polas transferencias realizadas dende o Concello de Moaña ao organismo autónomo.

A información en contabilidade nacional debe presentarse consolidada do conxunto de transferencias dadas e recibidas entre as unidades dependentes. En contabilidade nacional deben respectarse os criterios de contabilización aos que está suxeito o pagador da transferencia. Por tanto, unha vez fixado o momento no que o pagador rexistra o gasto, o perceptor da transferencia debe contabilizala simultaneamente e polo mesmo importe que figure nas contas daquel. Por isto, no caso de que o organismo autónomo rexistre a transferencia de forma distinta que o Concello, realizarase o correspondente axuste dende o punto de vista da contabilidade nacional.

No caso de que as transferencias efectuadas entre o Concello de Moaña e o Patronato Beiramar coincidan en concepto, importe e período de contabilización non é preciso realizar ningunha operación de axuste entre o déficit orzamentario e o de contabilidade nacional. No caso de que existan diferenzas, as unidades perceptoras terán que aplicar os criterios das unidades pagadoras, efectuando os axustes que procedan.

Durante o ano 2014 o Concello de Moaña transferiu ao organismo autónomo Patronato Beiramar, dende o capítulo IV de transferencias correntes, a cantidade de 110.000,00 euros imputados ao orzamento corrente. Á súa vez, o organismo autónomo Patronato Beiramar rexistrou os ingresos imputándoos ao mesmo capítulo IV de ingresos.

Neste caso, no que as obrigas recoñecidas na unidade pagadora son iguais que os dereitos liquidados na perceptora, non procede a realización de ningún tipo de axuste.

	CONTABILIDADE ORZAMENTARIA		CONTAB NACIONAL	AXUSTE	
	OBRIGAS RECOÑECIDAS ORZAMENTO CONCELLO	DEREITOS RECOÑECIDOS ORZAMENTO PATRONATO	IMPORTE	MAIOR DÉFICIT	MENOR DÉFICIT
CAP IV	110.000,00	110.000,00	110.000,00	0,00	--
TOTAL	110.000,00	110.000,00	110.000,00	0,00	--

CÁLCULO DA CAPACIDADE/NECESIDADE DE FINANCIAMENTO DERIVADA DA LIQUIDACIÓN DO ORZAMENTO DO CONCELLO DE MOAÑA PARA O 2014

Como resumo da estabilidade orzamentaria na liquidación do orzamento do Concello de Moaña, achégase o seguinte cadro resumo, no que se comparan as recadacións do exercicio 2014, tanto do orzamento corrente como de pechados, coas obrigas recoñecidas no mesmo período, todo iso nos capítulos I a VII, axustándose posteriormente tal e como se indicou nos apartados anteriores deste informe.

MEDICIÓN DA ESTABILIDADE ORZAMENTARIA DO CONCELLO A 31 DE DECEMBRO DE 2014 (sen consolidar)			
DEREITOS RECOÑECIDOS NETOS CAP. I A VII ORZ. CORRENTE			8.021.480,71
OBRIGAS RECOÑECIDAS NETAS CAPT. I A VII ORZ. CORRENTE			7.971.585,18
NECESIDADE/CAPACIDADE DE FINANCIAMENTO			49.895,53
AXUSTES:	Maior déficit	Menor déficit	
Capítulos I a III de ingresos	0,00	86.741,78	
Capítulos IV e VII de ingresos	0,00	0,00	
Gastos realizados no exercicio pendentes de aplicar no orzamento	221.631,89		
Consolidación entre orzamentos	0,00	0,00	
TOTAL AXUSTES	221.631,89	86.741,78	-134.890,11
TOTAL NECESIDADE / CAPACIDADE DE FINANCIAMENTO			-84.994,58

EN TERMOS CONSOLIDADOS, CÁLCULO DA CAPACIDADE/NECESIDADE DE FINANCIAMENTO DERIVADA DA LIQUIDACIÓN DO EXERCICIO 2014 (CONCELLO + PATRONATO).

O artigo 4 do Real decreto legislativo 1463/2007, do 2 de novembro, no seu artigo 4 indica que *“as entidades locais, os seus organismos autónomos e os entes públicos dependentes de aqueles, que presten servizos ou produzan bens non financiados maioritariamente con ingresos comerciais aprobarán, executarán e liquidarán os seus orzamentos consolidados axustándose ao principio de estabilidade definido nos apartados 1 e 3 do artigo 19 da Lei xeral de estabilidade orzamentaria.*

No artigo 15 do mesmo texto tamén se fai referencia á necesidade de consolidación do orzamento cando indica que *“entenderase cumprido o obxectivo de estabilidade cando os orzamentos iniciais ou, no seu caso, modificados, e as liquidacións orzamentarias dos suxeitos comprendidos no artigo 4.1 do presente regulamento, alcancen, unha vez consolidados, e en termos de capacidade de financiamento...”.*

Así, a verificación do cumprimento do principio de estabilidade deberán realizarse, ademais de para cada un dos orzamentos integrados no xeral, sobre o orzamento consolidado.

Así, a ESTABILIDADE ORZAMENTARIA DO ORGANISMO AUTÓNOMO “PATRONATO MUNICIPAL BEIRAMAR” CON MOTIVO DA LIQUIDACIÓN DO ORZAMENTO 2014. AXUSTES

MEDICIÓN DA ESTABILIDADE ORZAMENTARIA DO PATRONATO A 31 DE DECEMBRO DE 2013 (sen consolidar)			
DEREITOS RECOÑECIDOS NETOS CAP. I A VII ORZ. CORRENTE			468.592,90
OBRIGAS RECOÑECIDAS NETAS CAPT. I A VII ORZ. CORRENTE			293.497,57
NECESIDADE/CAPACIDADE DE FINANCIAMENTO			175.095,33
AXUSTES:	Mayor déficit	Menor déficit	
Capítulos I a III de ingresos	0,00	0,00	
Capítulos IV e VII de ingresos	0,00	0,00	
Consolidación entre orzamentos	0,00	0,00	
TOTAL AXUSTES	0,00	0,00	0,00
TOTAL NECESIDADE / CAPACIDADE DE FINANCIAMENTO			175.095,33

Os axustes de consolidación que habería que efectuar serían os necesarios para eliminar os dereitos e obrigas que se rexistran nos orzamentos da corporación e do organismo autónomo e que responden a transferencias internas. Neste caso, debemos eliminar 110.000,00 euros rexistrados no orzamento do Concello de Moaña como obriga recoñecida por transferencia ao Patronato Beiramar, e 110.000,00 euros pola cantidade liquidada no orzamento do Patronato Beiramar en concepto de transferencia do Concello de Moaña:

1.- Axustes sobre os dereitos

CONCEPTO	DEREITOS RECOÑECIDOS NETOS			AXUSTES	DRN CONSOLIDADOS
	CORPORACIÓN	PATRONATO	TOTAL		
CAP I	3.337.056,70	0	3.337.056,70	--	3.337.056,70
CAP II	50.858,06	0	50.858,06	--	50.858,06
CAP III	583.188,71	0	583.188,71	--	583.188,71
CAP IV	3.996.024,12	468.116,90	4.464.141,02	-110.000,00	4.354.141,02
CAP V	447,88	476,00	923,88	--	923,88
TOTAL INGRESOS CORRENTES	7.967.575,47	468.592,90	8.436.168,37	-110.000,00	8.326.168,37
CAP VI	0,00	0,00	0,00		0,00
CAP VII	53.905,24	0,00	53.905,24		53.905,24
TOTAL INGRESOS CAPITAL NON FINANCIEROS	53.905,24	0,00	53.905,24	--	53.905,24
CAP VIII	8.343,38	0,00	8.343,38		0,00
CAP IX	0,00	0,00	0,00		0,00
TOTAL INGRESOS FINANCIEROS	8.343,38	0,00	8.343,38		8.343,38
TOTAL INGRESOS	8.029.824,09	468.592,90	8.498.416,99	-110.000,00	8.388.416,99

2.- Axustes sobre as obrigas

CONCEPTO	OBRIGAS RECOÑECIDAS NETAS			AXUSTES	ORN CONSOLIDADAS
	CORPORACIÓN	PATRONATO	TOTAL		
CAP I	4.700.253,72	204.084,54	4.904.338,26		4.904.338,26
CAP II	1.856.583,03	43.314,54	1.899.897,57		1.899.897,57
CAP III	335.615,61	0	335.615,61		335.615,61
CAP IV	650.851,10	16.231,06	667.082,16	-110.000,00	557.082,16
TOTAL GASTOS CORRENTES	7.543.303,46	263.630,14	7.806.933,60	-110.000,00	7.696.933,60
CAP VI	313.765,57	29.867,43	343.633,00		343.633,00
CAP VII	64.324,39	0	64.324,39		64.324,39
TOTAL GASTOS CAPITAL NON FINANCIEROS	378.089,96	29.867,43	407.957,39		407.957,39
CAP VIII	8.714,50	0	8.323,14	--	8.323,14
CAP IX	434.589,57	0,00	258.881,37	--	258.881,37
TOTAL GASTOS FINANCIEROS	443.304,07	0,00	267.204,51	0	267.204,51
TOTAL GASTOS	8.364.697,49	293.497,57	8.482.095,50	-110.000,00	8.372.095,50

Sobre o orzamento consolidado acumularanse os axustes derivados da aplicación do sistema europeo de contas nacionais e rexionais e que xa se indicaron anteriormente para cada un dos orzamentos que compoñen o xeral. O seu detalle é o seguinte

Medición da estabilidade orzamentaria consolidada

Como resultado dos datos consolidados dos orzamentos da corporación do Concello de Moaña e do seu organismo autónomo, e dos axustes indicados nas táboas anteriores, a estabilidade orzamentaria posta de manifesto na liquidación do orzamento xeral é a seguinte:

MEDICIÓN DA ESTABILIDADE ORZAMENTARIA A 31 DE DECEMBRO DE 2014 (consolidado)

DEREITOS RECOÑECIDOS NETOS CAP. I A VII ORZ. CORRENTE			8.380.073,61
OBRIGAS RECOÑECIDAS NETAS CAPT. I A VII ORZ. CORRENTE			8.104.890,99
NECESIDADE/CAPACIDADE DE FINANCIAMENTO			275.182,62
AXUSTES:	Maior déficit	Menor déficit	
Capítulos I a III de ingresos	0,00	86.741,78	
Capítulos IV e VII de ingresos	0,00	0,00	
Gastos realizados no exercicio pendentes de aplicar	221.631,89		
TOTAL AXUSTES	-221.631,89	86.741,78	-134.890,11
TOTAL CAPACIDADE DE FINANCIAMENTO			140.292,51

Dos cálculos anteriores despréndese o cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria, dándose unha situación de equilibrio ou superávit en termos de capacidade de financiamento.

Non obstante, debemos sinalar, que o último orzamento aprobado foi o do exercicio 2011, prorrogándose este sucesivamente ata a actualidade. No exercicio 2012, o Concello concertou unha operación especial de endebedamento por importe de 4.832.471,36€ (4.549.015,54€+283.455,82€), dentro do marco do Real decreto 4/2012, do 24 de febreiro, polo que se determinan as obrigas de información e procedementos necesarios para establecer un mecanismo de financiamento para o pago aos provedores das entidades locais. O crédito dispoñible no orzamento para a imputación dos gastos correspondentes aos exercicios 2013 e 2014 derivados da dita operación de endebedamento (xuros + amortización), non era suficiente e a pesar das continuas advertencias por parte desta Intervención, durante o exercicios 2013 e 2014 non se tramitou o correspondente expediente de modificación de créditos, na modalidade de transferencia de crédito para dotar de crédito suficiente e axeitado as aplicacións correspondentes (0110.31011/0110.91111 e 0110.31012/0110.91112), contabilizándose como pagos non orzamentarios pendentes de aplicación no orzamento.

SEGUNDO.- CUMPRIMENTO DA REGRA DE GASTO

O artigo 12 da LOEPSF esixe tamén ás entidades locais que a variación do gasto computable entre dous exercicios non supere a taxa de referencia de crecemento do PIB, correspondendo o Ministerio a súa determinación.

“Art. 12. Regra de Gasto.

1.- A variación do gasto computable da Administración Central, das Comunidades Autónomas e das Corporacións Locais, non poderá superar a taxa de referencia de crecemento do Produto Interior Bruto de medio prazo da economía española.

....”.

Para as corporacións locais cúmprese a regra de gasto se a variación, en termos do SEC, do gasto computable de cada corporación local, entre dous exercicios económicos, non supera a taxa de referencia de crecemento do Produto Interior Bruto (TRCPIB) de medio prazo da economía española, modificado, se é o caso, no importe dos incrementos permanentes e diminucións de recadación derivados de cambios normativos.

A taxa de referencia de crecemento do Produto Interior Bruto (TRCPIB) para o 2014 é do 1,5%.

Por outro lado, a Orden ministerial que desenvolve as obrigas de subministración de información establece, respecto do cumprimento da regra de gasto, que a Intervención debe emitir informe antes do 31 de marzo do ano seguinte ao exercicio en que vaian referidas as liquidacións, de avaliación do cumprimento da regra de gasto. (art. 15.3.e) Orden HAP/2105/2012, modificada pola Orde HAP/2082/2014, do 7 de novembro).

CÁLCULO DO GASTO COMPUTABLE:

O apartado 2 do artigo 12 da LOEPSF establece:

“Art. 12.2.- Entenderase por gasto computable aos efectos previstos no apartado anterior, os empregos non financeiros definidos en termos do Sistema Europeo de Contas Nacionais e Rexionais, excluídos os intereses da débeda, o gasto non discrecional en prestacións por desemprego, a parte do gasto financiado con fondos

finalistas procedentes da Unión Europea ou de outras Administracións Públicas e as transferencias ás Comunidades Autónomas e as Corporacións Locais vinculadas aos sistemas de financiación”.

Na obtención do gasto computable da entidade local nun exercicio, terase en conta o seguinte:

Se a entidade local está sometida a Presuposto Limitativo/Contabilidade Pública, o gasto computable calculase como:

- (+) Empregos (gastos) non financeiros, suma dos capítulos 1 a 7 de gastos, excluídos os xuros da débeda.
Do capítulo 3 de gastos financeiros unicamente se agregarán os gastos de emisión, formalización, modificación e cancelación de préstamos, débedas e outras operacións financeiros, así como os gastos por execución de avais. (Subconceptos 301, 311, 321, 331 e 357).
- (+/-) Axustes cálculo empregos non financeiros segundo o SEC
Para a determinación dos axustes e o seu importe, temos que consultar o punto 1, “Cálculo dos empregos financeiros excluídos intereses para unidades sometidas a un Plan Xeral de Contabilidade Pública”, da “Guía para a determinación da Regra de Gasto do artigo 12 da Lei 2/2012 Orgánica de Estabilidade Orzamentaria e Sostenibilidade Financeira para Corporacións Locais”.
- (-) Pagos por transferencias (e outras operacións internas) a outras entidades que integran a corporación local.
Para a determinación deste importe, temos que consultar o punto 3, “Consolidación de transferencias”, da “Guía para a determinación da Regra de Gasto do artigo 12 da Lei 2/2012 Orgánica de Estabilidade Orzamentaria e Sostenibilidade Financeira para as Corporacións Locais”.
- (-) A parte de gasto non financeiro do orzamento actualizado financiado con fondos finalistas procedentes de: Unión Europea, Estado, Comunidade Autónoma, deputacións e outras administracións públicas.
- (-) Transferencias por fondos dos sistemas de financiamento
Descontaranse as transferencias por fondos dos sistemas de financiamento dadas polas deputacións forais do País Vasto á Comunidade Autónoma así como as dadas polos cabidos insulares aos concellos canarios.

Sobre o importe resultante, aplicarase a **taxa de referencia de crecemento do PIB** fixada polo Ministerio, que para o 2013 é de **1,5%**.

LÍMITE DE GASTO NON FINANCIERO

Concepto	Liquidación 2013	Liquidación 2014
Suma de los capítulos 1 a 7 de gastos (2)	7.585.777,81 €	7.589.235,22 €
AJUSTES Cálculo empleos no financieros según el SEC	- €	221.631,89 €
(-) Enajenación de terrenos y demás inversiones reales.		
(+/-) Inversiones realizadas por cuenta de una Corporación Local.		
(+/-) Ejecución de avales.		
(+) Aportaciones de capital.		

(+/-) Asunción y cancelación de deudas.		
(+/-) Gastos realizados en el ejercicio pendientes de aplicar al presupuesto.	41.548,11	221.631,89 €
(+/-) Pagos a socios privados realizados en el marco de las Asociaciones público privadas.		
(+/-) Adquisiciones con pago aplazado.		
(+/-) Arrendamiento financiero.		
(+) Préstamos.		
(-) Mecanismo extraordinario de pago a proveedores 2012.		
(+/-) Ajuste por grado de ejecución del gasto		
Otros sin especificar (5)		
Empleos no financieros en términos SEC excepto intereses de la deuda	7.627.325,92 €	7.810.867,11 €

(-) Pagos por transferencias (y otras operaciones internas) a otras entidades que integran la Corporación Local (3)	139.200	110.000,00 €
(-) Gasto financiado con fondos finalistas procedentes de la Unión Europea o de otras Administraciones públicas	553.036,98 €	755.040,92 €
Unión Europea		
Estado		
Comunidad Autónoma	426.614,83 €	504.327,12 €
Diputaciones	126.422,15	250.713,80 €
Otras Administraciones Públicas		
(-) Transferencias por fondos de los sistemas de financiación (4)		
Total de Gasto computable del ejercicio	6.935.088,84 €	6.945.826,19 €

(+/-) Incrementos / disminuciones de recaudación por cambios normativos		
--	--	--

Tasa referencia de crecimiento del PIB (TRCPIB) 2014	1,5
--	------------

Total de Gasto computable do exercicio 2013	€ 6.935.742,29
Total de Gasto computable do exercicio	6.945.826,19 €
Aumentos/disminuciones permanentes de recaudación por cambios normativos en el Presupuesto del ejercicio	- €

Límite de Gasto computable para o exercicio segundo a Regla de Gasto	7.039.778,42 €
---	-----------------------

Na vista do anterior, a liquidación do orzamento do exercicio 2014 cumpre a regra de gasto para o exercicio (Gasto computable liquidación 2014 < Límite de Gasto computable para o exercicio).

Cumprimento da regra de gasto en termos consolidados:

ENTIDADE	GASTO COMPUTABLE LIQUIDACIÓN 2013 (1)	TAXA DE REFERENCIA (2)	AUMENTOS/DIMINUCIÓNS (3)	LÍMITE REGRA DE GASTO (4)	GASTO COMPUTABLE LIQUIDACIÓN 2014 (5)
CONCELLO MOAÑA	6.935.742,29	7.039.778,42	0,00	7.039.778,42	6.945.826,19
PATRONATO M. BEIRAMAR	143.621,36	145.775,68	0,00	145.775,68	110.000,00

TOTAL GASTO COMPUTABLE	7.079.363,65	7.185.554,10	0,00	7.185.554,10	7.055.826,19
Diferenza entre o "límite da Regra do Gasto" e o Gasto computable Pto. 2013" (4)-(5)					129.727,91
% de incremento gasto computable 2014 s/2013 ((5)-(1))/(1)					-0,33

3.- CUMPRIMENTO DO LÍMITE DE DÉBEDA

A LOEPSF (art. 13) establece a obriga de non superar o límite de débeda pública que foi fixado no 3,8% do PIB para os exercicios 2013, 2014 e 2015.

Para a Administración local non se aprobou o límite en termos de ingresos non financeiros, polo que resulta imposible determinar o límite de débeda como prevé o citado artigo en termos de produto interior bruto local, resultando de aplicación, agora, os límites legais tradicionais do TRLFL para o novo endebedamento.

	Concello
CONCEPTO	DEUDA VIVA A 31/12/2014
Deuda a corto plazo (operac. Tesorería)	0
Deuda a largo plazo	6.356.597,78
Emisiones de deuda	0
Operaciones con entidades de crédito	1.805.297,89
Factoring sin recurso	0
Deuda con Administraciones publicas (FFPP)	4.539.299,89
Otras operaciones de crédito*	12.000,00
Avales ejecutados durante el ejercicio	0
Entidades dependientes de la corporación local (clasificadas como Adm. Públ)	0
Resto Entidades	0
Avales reintegrados durante el ejercicio	0
Entidades dependientes de la corporación local (clasificadas como Adm. Públ)	0
Resto Entidades	0
Total Deuda Viva	6.356.597,78

O volume de débeda viva o 31/12/2014, en termos de porcentaxe sobre os ingresos correntes liquidados, é do 79,78%.

Hai que sinalar, así mesmo, que a Mancomunidade de Concellos do Morrazo concertou un préstamo ao abeiro do RD 8/2013, do 28 de xuño, por importe de 6.752.059,81€, do que responden os concellos, en función das súas porcentaxes de participación, sendo a porcentaxe de Moaña do 39,64%, é dicir, 2.726.781,45€.

ENTIDADE	IMPORTE INICIAL	CAPITAL VIVO A 31/12/2014	PERFIL DE VENCEMENTO DA DÉBEDA NOS PRÓXIMOS 10 ANOS									
			2015	2016	2017	2018	2019	2020	2021	2022	2023	2024
BCL	2.730.581,15	1.608.210,04	166.602,26	168.274,52	169.963,59	171.669,62	173.392,76	175.133,21	176.891,11	178.666,68	180.460,04	46.626,69
BBVA	1.000.000,00	197.087,85	197.095,63	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00
OPER. CON ENT. DE CRÉDITO	3.730.581,15	1.805.297,89	363.697,89	168.274,52	169.963,59	171.669,62	173.392,76	175.133,21	176.891,11	178.666,68	180.460,04	46.626,69
DEPUTACIÓ N	90.000,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00
DEPUTACIÓ N	120.000,00	12.000,00	12.000,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00
CAIXABANK S.A.	4.549.015,54	4.264.702,06	0	568.626,95	568.626,94	568.626,94	568.626,94	568.626,94	568.626,94	568.626,94	284.313,47	0,00
CAIXABANK S.A.	283.445,82	274.597,83	0	35.431,97	35.431,98	35.431,98	35.431,98	35.431,98	35.431,98	35.431,98	26.573,97	0,00

DÉBEDA CON ADM. PÚBLICAS	4.832.461,36	4.551.299,89	12.000,00	604.058,92	604.058,92	604.058,92	604.058,92	604.058,92	604.058,92	604.058,92	604.058,92	310.887,4 4	0,00
--------------------------------	--------------	--------------	-----------	------------	------------	------------	------------	------------	------------	------------	------------	----------------	------

TOTAL VENCEMENTOS	988.756,81	772.333,4 4	774.022,51	775.728,54	777.451,6 8	779.192,13	780.950,03	489.554,12	180.460,0 4	46.626,6 9
-------------------	------------	----------------	------------	------------	----------------	------------	------------	------------	----------------	---------------

Moaña, 24 de marzo de 2015
A Interventora

M^a Carmen Carracelas Rosales

Intervencións:

Incorpórase á sesión a concelleira dona Araceli Gestido.

➤ Don Xosé M. Millán: O informe de Intervención sobre estabilidade pouco ten que sinalar, só que os límites desa estabilidade son máis estreitos. Hai desfase dunha importante cantidade na estabilidade. Destaca que conste na acta que o decreto que serve de base e a liquidación do orzamento do 2014 é negativo – 420.773,48€ de déficit que se engade en negativo e o remanente de tesouraría -737.222,83€. A diferenza é 737.222,83 en números vermellos e o Plan de axuste para o pago de débedas obrigaba ao superávit e se incumpre gravemente.

Hai 913.589,46€ de obrigas pendentes de aplicación que non están en aplicación orzamentarias ao que haberá que sumar as facturas de caixón. Iso dá exemplo de como foi a xestión do PP nestes anos. Cando Sr. Fervenza se fixo cargo da Alcaldía, díxéronlle que lle deixaban tres herdanzas, un Plan xeral a punto de ser aprobado, unha bandeira azul na praia de Xunqueira e números positivos de 2010 e o orzamento de 2011. Tras catro anos vese a “fantástica” xestión.

Do Plan xeral non se fixo máis xestión do Plan parcial e non fixeron nada para rematalo. En catro anos nada para rematalo. As bandeiras azuis das praias foron caendo e o ano pasado quedaron sen ningunha. Dos orzamentos seguen cos de 2011 e que nin sequera presentaran nada para ser rexeitados, non presentaron nada. E agora déixannos un déficit de 1.700.000€ en tres anos e medio. Non se pode facer peor. A capacidade de ingreso vai reducíndose considerablemente, non hai xestión para a mellora de ingresos. Con estes datos pouco se pode discutir, pero o Sr. Alcalde di que reduciu a débeda de Moaña en 9 millóns de euros. Como se pode estar catro anos sen orzamentos e dicir que reduciu en 9 millóns de euros, 3 millóns por ano! Levarano de presidente do FMI. Aforrou 9 millóns de €, roubounos dun banco ou trúxoos da caixa. As contas son de Intervención e outra cousa son os contos.

➤ Dona Marta Freire: O informe pon de manifesto que careceron de política económica. 1.700.000 de déficit maquillado. En catro anos non aprobaron os orzamentos. Non presentou nin o borrador de orzamentos. Non cumpriron o Plan de axustes nin ningunha medida. Así, é negativo o remanente de tesouraría. Redúcense os ingresos que figuraban no ano 2011 e vostedes foron negligentes na xestión do gasto. Puideron aforrar e presentar orzamentos, e non tomaron medidas de contención do gasto.

➤ Dona Rosa Solla: no hai maquillaxe das contas no informe de Intervención. Recorda o que vostedes en oito anos fixeron. O informe do Consello de Contas de Galicia que di que a estabilidade orzamentaria reflexa grave estabilidade orzamentaria 2005-2009 con vostedes. E pagamos moitas sentenzas. Destaca que se prevían os ingresos moi superiores aos obtidos, e se incumpriron os pagos. Pagáronse hoxe en día máis de 1.000.000 de euros no período 2010 -2015. Tampouco se cumpriu o plan que vostedes aprobaron, non cumpriron o seu propio de saneamento e nós pagamos a sentenzas COVSA, mancomunidade... respecto ao orzamento no 2010, dicía o interventor que puxo de manifesto a gravidade do que incumpriron.

➤ Interrompe un veciño: chega a 2011...

➤ Rosa continua: obras maiores adxudícanse como obras menores tal como figuran no informe de Intervención do Consello de Contas, pero tiñan que ter feito moitas cousas e non as fixeron en oito anos e nós levamos tres e medio. Desde 2005 informouno o interventor. E non fixeron nada. Din que existen gastos que non se contrataron, non se fixo expedientes de contratación. E así figura en 60 páxinas do informe de Intervención. E nós estamos pagando as facturas e sentenzas que deixaron vostedes. No orzamento 2011 di que se reduciu a posición de gasto.

➤ Don Xosé Manuel Millán: Non lle entendín nada. Pero me satisfai que se molestase en mover papeis, molestouse en buscar papeis. E foi buscar papeis do orzamento 2011 que é o que vostedes utilizan, vostedes seguiron facendo o que facían os outros. O remanente negativo que vostede cita é o que recollía débedas desde 1980, 20 millóns en 20 anos. Non fixeron nada en 4 anos, van deixar todos os vasos no vertedoiro e sen lavar, e o que veña terá que verse e desexarse para afrontar máis de 1.000.000 € sen contabilizar. Hai 400.000€ de Fenosa sen recoñecer, que son seus

➤ Dona Rosa: Estamos ao día, que non nos cortaron a luz. Estamos ao día. Imos facendo pagos. No nos *atosigen*.

➤ Don Xosé Manuel Millán: Estou por asegurar que en xuño van aparecer moitos *atosigadores*. A situación é que hai 917.000€ sen aplicar e que non se poden pagar e o remanente negativo máis 700.000€ e dio a interventora. E se é boa xestión, que os voten.

➤ Dona Marta: Hai que ter cara. O teu informe fai referencia a un informe de Intervención, e agora falamos do 2014. No 2011 prevíase un superávit e xa estabades gobernando. Non o conseguistes porque non presentastes outras contas, outros orzamentos. Estivestes tres anos sentados falando da herdanza recibida. Dixestes que nos ías entregar o borrador, e o que nos entregaches non era nada porque faltaban ingresos e gastos. Non buscastes alternativas, sen ir aos petos dos veciños. Ti es a responsable da xestión económica.

➤ O Sr. Alcalde: É lamentable e hai que ter valor... que gobernastes oitos anos PSOE-BNG e queredes pasar páxina. Deixasdes un concello abandonado e arruinado e as contas non as fai o Alcalde e o interventor. Dicía o interventor que era intolerable. Deixastes 10.000.000 € de vencemento negativo e agora quedan 710.000€ e deixastes 10.000.000. Nós xestionamos unha débeda con 20.000.000€ que deixaron vostedes. Eu non minto e díxoo Millán na prensa. O Consello de Contas díxoo pola mala xestión. Espero que o 24/05 voten. O Consello de Contas dixo no ditame o que fixeron vostedes en bipartito e tripartito. Vostedes enganaron co Centro de Saúde, o auditorio... e falamos da dilapidación deste Concello. Vostedes levaron a ruína este Concello. Que lle digan, antes eran 10.000.000 € e agora son 710.000€. O informe do Consello de Contas do 2011 di que hai "graves deficiencias" e non foron imputadas ao orzamento, segundo o informe do Consello de Contas de Galicia. Non é un nvento, foron vostedes o que o deixaron así. No ano 2011 había facturas por 1.130.000€, e vexa o informe do Consello de Contas e vostedes sábeno, que en oito anos saben o que debían. Respecto á mancomunidade, enterraron as facturas. Foi vergonzoso, de 10.000.000 miren agora. Entre 2007-2009 había unha grave situación orzamentaria e o informe dille como deixaron este Concello, pero os veciños saben quen arruinou este concello, pero vostedes levantaron os reparos. Vostedes non poden dar clase de contabilidade en Moaña, nós ao mellor tampouco. Pero o Consello de Contas di que arruinaron este concello. Tiveron responsabilidades oito anos e nós fixemos un grande esforzo. E o 24 de maio valorarano os veciños. Ninguén lle cre a vostedes o que din.

5º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE EXPEDIENTE MODIFICACIÓN DE CRÉDITO Nº 8/15 POR TRANSFERENCIA DE CRÉDITO 3/15

O Sr. Alcalde dá lectura á súa proposta que literalmente di:

PROPOSTA DA ALCALDÍA

Visto que o Concello Pleno, en sesión celebrada o 27 de decembro de 2013, acordou aprobar o borrador do Convenio de colaboración entre a Mancomunidade de Concellos do Morrazo, os Concellos de Bueu, Cangas, Moaña e Sogama.

Visto que o Convenio foi asinado o 30 de abril de 2014, e que na cláusula 4ª dispón que os Concellos de Cangas e Moaña deben aboar directamente a Sogama o custo do servizo de tratamento dos residuos procedentes da recollida ordinaria da Mancomunidade.

Visto que atendendo á finalidade e natureza económica do gasto, a aplicación orzamentaria apropiada para a imputación dos gastos derivados do mesmo, sería a 1620.22700 "servizo de tratamento de residuos", visto que no orzamento xeral do Concello de Moaña para o 2015, prorrogado do 2011, na bolsa de vinculación na que se atoparía dita aplicación, non existe crédito suficiente para a súa imputación e visto que os créditos dispoñibles na aplicación 9430.46300 estaban destinados a aportación do Concello ao tratamento de R.S.U. realizados por Sogama e tras a sinatura do Convenio, están en situación de "dispoñible", considérase que esta aplicación é a máis apropiada para usar como cedente de crédito.

Visto que nesta data, existen facturas relativas ao servizo de tratamento de RSU (ano 2015), rexistradas no Concello en situación de pendentes de recoñecer.

Visto o anterior, e sendo preciso dotar crédito co obxecto de dar cobertura orzamentaria aos gastos derivados do servizo de tratamento de R.S.U., faise precisa a modificación de créditos do Orzamento do Concello baixo a modalidade de transferencia de créditos.

Visto que con data 21 de abril de 2015 emitiu informe Intervención municipal.

Visto que de conformidade co disposto no artigo 179.2 do Real decreto 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais e no artigo 22.2.e) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, o órgano competente para a aprobación do expediente de modificación de crédito é o Pleno.

Visto o anterior, propónse que o Pleno adopte o seguinte acordo.

ACORDO

PRIMEIRO. *Aprobar inicialmente o expediente de modificación de créditos nº 8/15, na modalidade de transferencia de crédito 3/15 entre aplicacións pertencentes a diferentes áreas de gasto e que non afectan a aplicacións de persoal, por importe acumulado de 480.000,00 €.*

De acordo co seguinte detalle:

a) Partidas que ceden crédito

Partida	Destino	Crédito que cede
9430.46300	Transferencia á Mancomunidade do Morrazo	- 480.000,00

b) Partidas que reciben crédito

Partida	Destino	Crédito que recibe
1623.22700	Servizo tratamento de residuos	480.000,00

SEGUNDO. *Expoñer este expediente ao público mediante anuncio publicado no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, por quince días, durante os cales os interesados poderán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno. O expediente considerárase definitivamente*

aprobado se durante o citado prazo non presentasen reclamacións; no caso contrario, o Pleno disporá do prazo dun mes para resolvelas.

Moaña, 21 de abril de 2015 O Alcalde José Ferverza Costas

Intervencións:

➤ Don Xosé Manuel Millán: Falta de xestión deste Goberno. Este expediente de modificación de crédito ten que expoñela ao público. E esa é a rapidez que lle prestou vostede aos asuntos económicos. Vostedes falan das nosas ilegalidades. Vostede asinou un contrato con Sogama sen ter disposición de crédito, é unha manifesta ilegalidade, e agora temos un contrato con Sogama e non temos cartos para facer fronte a todas os pagos necesarios, aínda que se aprobe. E así traballaron durante estes tres anos e medio a ver como gastaban e non fixeron o máis importante que era o orzamento. Catro anos sen presuposto non se coñece iso en toda Galicia.

➤ O Sr. Alcalde: Non te esquezas de Cangas.

➤ Don Xosé Manuel Millán: Igual en catro anos non presentaches o presuposto, algo que non se coñece. O BNG votará en contra. Poden intentalo co orzamento. Quería que me ensinara o remanente negativo de 10.000.000€.

➤ O Sr. Alcalde: Está no informe do Consello de Contas a cantidade exacta.

➤ Don Xosé Manuel Millán: O Sr. Ferverza esquecese, o informe do Consello é das contas 2011. Vostedes levan catro anos e antes tamén estiveron outros, pouco traballaron, tan pouco como vostedes, tamén cobraron pouco. O informe do Consello de Contas é do 2011. A débeda da Seguridade Social era do PP.

➤ O Sr. Alcalde: Hai que ter valor.

➤ Don Xosé Manuel Millán: Vostedes déronlle o servizo do lixo no 1999 á Mancomunidade e ata 2003 cobraban 29 € e non pagaron nin un euro, en tres anos e medio, e dicían que a Mancomunidade lle debía ao Concello 60.000€. Eu fun presidente da Mancomunidade e tamén Bueu e Cangas; era rotativo, non só era do Sr. Millán.

➤ O Sr. Alcalde: E a débeda de 20.000.000 non a paga.

➤ Don Xosé Manuel Millán: Pagamos 36.000€ na nosa época.

➤ O Sr. Alcalde: Deixou máis de 6.000.000€.

➤ Don Xosé Manuel Millán: O auditorio que vostede falou co Sr. Louzán.

➤ O Sr. Alcalde: Este (ensina unha foto) foi o que enganou o pobo de Moaña co tema do auditorio.

➤ Don Xosé Manuel Millán: O Sr. Ferverza dixo que ía facer un auditorio a cachifios. Ese auditorio só se vai facer unha terceira parte e dunha parcela á outra hai 150m.

➤ O Sr. Alcalde: Dende que ías metelo ti, o que lle cambiaron os técnicos foi a situación.

➤ Don Xosé Manuel Millán: Díxoo antes de pedir as inauguracións, ían darlle 1,5 millóns para o auditorio en dúas parcelas municipais. Será nas dúas parcelas residenciais. É igual que o túnel de Ramón Cabanillas ou as piscinas salgadas.

➤ O Sr. Alcalde: Ou as 74 vivendas de protección autonómica.

- Don Xosé Manuel Millán: A súa perla son os 400 aparcamentos ao lado da piscina.
- O Sr. Alcalde: Pódense facer? Eu tamén teño unha lista.
- Xosé Manuel Millán: Para defender a súa xestión ten que botar man a fai seis ou oito anos. Espero velo en Quintela.
- O Sr. Alcalde: Vostede vai estar no debate, gustaríame.
- Dona Marta Freire: Vou manter a miña postura, non o apoia se non se traen os presupostos.

Sometido o tema a votación, obtense os seguintes resultados: oito votos a favor, correspondentes aos concelleiros do PP, oito votos en contra, correspondentes a seis concelleiros do BNG e dous do PS de Galicia-PSOE. En virtude do previsto no artigo 100.2 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, (ROF) efectúase una nova votación, na que persiste o empate, polo que decide o voto de calidade do Alcalde-Presidente, polo que se adopta o seguinte acordo:

PRIMEIRO. Aprobar inicialmente o expediente de modificación de créditos nº 8/15, na modalidade de Transferencia de crédito 3/15 entre aplicacións pertencentes a diferentes áreas de gasto e que non afectan a aplicacións de persoal, por importe acumulado de 480.000,00 €.

De acordo co seguinte detalle:

a) Partidas que ceden crédito

Partida	Destino	Crédito que cede
9430.46300	Transferencia á Mancomunidade do Morrazo	- 480.000,00

b) Partidas que reciben crédito.

Partida	Destino	Crédito que recibe
1623.22700	Servizo tratamento de residuos	480.000,00

SEGUNDO. Expoñer este expediente ao público mediante anuncio publicado no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, por quince días, durante os cales as persoas interesadas poderán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno. O expediente considerarase definitivamente aprobado se durante o citado prazo non se presentasen reclamacións; no caso contrario, o Pleno disporá do prazo dun mes para resolvelas.

6º.- MOCIÓN DA AAVV A CHAMUSCA CONTRA A PRIVATIZACIÓN DO REXISTRO CIVIL

7º.- MOCIÓN DO BNG A PROL DO MANTEMENTO E GRATUIDADE DOS REXISTROS CIVÍS

Por ter un contido idéntico, o Sr. Alcalde propón tratar conxuntamente ambas as dúas mocións.

Coa data 10/05/2015, rexistro de entrada número 2204, a Federación de AAVV A Chamusca presentou unha moción, que literalmente di:

«CONTRA A PRIVATIZACIÓN DO REXISTRO CIVIL

«O 1 de xaneiro de 1871, comeza a súa andaina como servizo público o Rexistro Civil, a raíz da entrada en vigor da lei Provisoria 2/1870 de 17 xuño "do Rexistro Civil e do regulamento para a execución das leis de matrimonio", que fora presentada ante as Cortes por, Emilio Montero Rios, Ministro de Graza e Xustiza.

A súa contribución a Administración da Xustiza foi pacífica ata hoxe, sen suxeicións aos vaivéns políticos ou cambios nas distintas administracións, garantindo os xuíces e funcionarios a obxectividade e imparcialidade que impón o imperio da lei e que permitiu o normal funcionamento

do servizo, sendo así que a Axencia Estatal de Avaliación das Políticas e Calidade de Servizos, que avalía o grao de satisfacción dos cidadáns na súa relación coas administracións, outórganlle un 84% de satisfacción, fronte o 73% de media conxunta nos servizos públicos.

A desxudicialización establecida na lei 20/2011 que tampouco compartimos, mantíña dentro das Administracións Públicas ao Rexistro Civil, e non consagra a súa externalización, así a D.A. 1ª, 2ª e transitoria 8ª, establece e di que o persoal deben ser traballadores públicos.

O 4 de xullo de 2014 apróbase o R.D.L. 8/2014 de "aprobación de medidas urxentes para o medre, competitividade e eficiencia" que nas disposicións adicionais 19 a 24, establece a PRIVATIZACIÓN DOS REXISTROS CIVIS, mediante a entrega da súa xestión aos Rexistradores Mercantís mantendo un carácter de funcionario público puramente formal, establecido no artigo 274 da lei hipotecaria "a todos os efectos legais" pois os seus deberes, obrigas, incompatibilidades, retribucións e réxime de responsabilidades non son as propias dos funcionarios públicos, senón de profesionais independentes, todo isto corroborado pola sentenza do T.X.U.E. de 12-novembro-2009 no asunto c-154/2008. Temos que engadir que o seu persoal está vinculado ao Rexistrador mediante unha relación laboral suxeita ao Dereito Privado.

O 15 de xullo do 2014, 144 anos despois da súa creación o Sr. Presidente do Goberno de España D. Mariano Rajoy Brey, asina o seu certificado de defunción como servizo público gratuito, e o 1 de xaneiro do 2017 é a data a partir da cal os Rexistradores Mercantís o exercerán de forma exclusiva.

O 15 de outubro de 2014, aprobouse a iniciativa do Goberno, a lei 18/2014 que mantén o establecido no RDL 8/2014 xa comentado.

Neste novo escenario do privado, amplíase o tráfico rexistral a actos xurídicos de contido económico de difícil encaixe no estado civil: seguros de vida, accidentes, plans de pensións, testamentos, outorgamentos e revogación de poderes, veciñanza civil, rexistro de parellas de feito e calquera feita ou acto relativo as persoas físicas. Todo é rexistrado, previo pagamento por caixa. Nace así un novo imposto a cidadanía que vai ver como feitos tan cotiás como obter unha fe de vida, un ha partida de nacemento ou un libro de familia, van a estar gravados, non cunha taxa que revertería ao Estado e que puidera financiar a sanidade pública, a educación ou mesmamente a xustiza, senón un arancel que reverterá ao final na conta corrente do Rexistrador, que como sabemos é un grupo reducido de elite.

o carácter de servizo público que ten o Rexistro Civil, así como os feitos e actos de cuxa constatación é obxecto e que afectan ao dereitos fundamentais das persoas e a salvagarda da súa privacidade, dos datos máis íntimos e persoais dos cidadáns esixe un sistema público, xestionado por funcionarios públicos cuxa cualificacións e independencia supoñen un ha garantía para todos e non pode ser encomendado a quen funciona en réxime de empresa privada, evitando así un paso máis no desmantelamento do estado de dereito que tanto esforzo custou.

Por todo o exposto, a Federación de AAVV A CHAMUSCA DE MOAÑA, a instancia dos traballadore/as do Rexistro Civil e do Xulgado de Paz de Moaña, ao pleno municipal do Concello de Moaña, solicitamos que se tome o seguinte acordo:

- 1. Concello de Moaña dirixirse ao Goberno da Xunta de Galicia para que este solicite ao Goberno do Estado, a retirada da privatización dos Rexistros Cívís, mediante a presentación dun proxecto de lei que derogue as disposicións adicionais vixésima á vixésimo quinta da lei 18/2014, de 15 de outubro, de aprobación de medidas urxentes para o crecemento, competitividade e a eficiencia.**
- 2. Do mesmo xeito que se manteña o servizo público dos Rexistros Cívís no ámbito da Administración de Xustiza e manter a súa xestión servida de xeito exclusivo polo persoal funcionario da Administración de Xustiza.**

- 3. No ámbito de Moaña, reiterar os acordos unánimes a prol do mantemento do Xulgado de Paz de Moaña, coas competencias e servizos actuais, nomeadamente as referidas ao Rexistro Civil, nas mesmas condicións de servizo público gratuíto.**

Moaña 10 Abril, 2015. Asdo. Francisco Ferreira Lorenzo. Presidente da Fed. AAVV A CHAMUSCA»

Coa data 25/04/2015, rexistro de entrada número 2615, o BNG presentou unha moción, que literalmente di:

«MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG A PROL DO MANTEMENTO E GRATUIDADE DOS REXISTROS CIVÍS

O goberno do PP no Estado español aprobou o pasado ano o Real decreto-lei 8/2014, do 4 de xullo, que leva aparelado o traspaso dos rexistros civís aos rexistros da propiedade e mercantís. Desaparece, así, un servizo público que se prestaba gratuitamente á organización rexistral, onde se gravan cun arancel as prestacións realizadas aos usuarios e usuarias, Dese xeito, un servizo até o de agora gratuíto acabará converténdose con case total seguranza en de pago obrigado. A este respecto, cómpre subliñar que o obxectivo do PP no seu modelo de servizos públicos privatizador é que as persoas usuarias sexan as que custeen o servizo, como xa foi introducindo na sanidade ou nos servizos sociais.

O Rexistro Civil é un servizo público e gratuíto que cumpre numerosas funcións, que son indispensábeis para a vida diaria de calquera persoa: inscrición de nacementos, estado civil, cambio de nome ou sexo." Hai trámites sinxelos, mais outros requiren acudir en persoa, o que o converte nun servizo imprescindible. E as persoas usuarias van ser as que precisaren expedir documentos básicos para acreditar a súa situación persoal, uns documentos que, á súa vez, son obrigatorios para cobrar pensión, prestacións de servizos sociais ou axudas públicas, Para alén disto, en moitos casos terán que facer longos e custosos desprazamentos, pois recentemente confirmouse que o Rexistro vai ser asumido unicamente por aqueles que teñen competencias mercantís. O mapa, pois, na Galiza ficaría só con rexistros na Coruña, Santiago, Lugo, Ourense e Pontevedra, fronte á actual presenza dos rexistros civís en todos os concellos galegos.

Despois de ter investido inxentes recursos públicos para a modernización e dixitalización dos rexistros civís, agora póñense en mans privadas, impoñendo taxas que non ingresarán nas arcas públicas senón nas dos rexistradores/as directamente, E, a maiores, a protección de datos persoais e obrigatorios que contén o Rexistro Civil queda en evidencia ao se poñer en mans de persoal que non ten o carácter de funcionariado público nin o deber de confidencialidade, Por outra parte, é preciso non esquecer a previsíbel perda de postos de traballo de persoal dependente agora do Ministerio de Xustiza.

Por todo o anteriormente exposto, o grupo municipal do BNG, solicita da Corporación en Pleno, a adopción do seguinte

ACORDO

- 1. Expresar o rexeitamento ao Real decreto-lei 8/2014, do 4 de xullo, de medidas urxentes para o crecemento, a competitividade e a eficiencia, instando ao Goberno do Estado español á inmediata derogación deste Real decreto e á paralización do traspaso do Rexistro Civil aos rexistros da propiedade e mercantís.*

- 2. Instar á Xunta de Galiza a que demande do Goberno central que se garanta o servizo público, a atención nos xulgados de paz e a gratuidade futura nas funcións que prestan os rexistros civís.*

3. *Dar traslado deste acordo ao Goberno central e á Xunta de Galiza.*

Moaña, 25 de abril de 2015. Asdo. Xosé M. Millán Otero. Portavoz municipal do BNG.»

Intervencións:

O representante de A Chamusca cede a palabra ao BNG.

➤ Don Odilo Barreiro: O RD 8/2014 establece que se traspasen os rexistros civís aos rexistros mercantís, desde 15 de xuño ata 2017. Os rexistros civís existen dende fai 145 anos, e agora pasarían ao Rexistro da Propiedade e gravaríanse. Esa é a política do PP, de privatizar os servizos públicos e os usuarios teñen que asumir o custo de servizos. E como o ensino, sanidade... que implica para moañeses/as todas as partidas de nacementos ou defuncións para os trámites administrativos, teríanse que desprazar a Pontevedra porque o decreto lei só se mantería se hai Rexistro da Propiedade Mercantil. O Ministerio de Xustiza investiu 200 millóns para modernizar e agora pásase a mans privadas, igual que pasou coas caixas de aforro e isto supón supresión de postos de traballo e cómo queda a protección de datos a quen non son funcionarios. É un negocio duns 700 millóns de € para o Rexistro Mercantil e queren sacar máis tallada. É privatizar un servizo público gratuíto para pasarllo a mans privadas. Estes días dan marcha atrás, dixo o ministro, pero non é absurdo debater esta moción porque se é certo que o van retirar, por que se anuncia agora cando se mobilizan os funcionarios cerca das eleccións, e por que non se modifica a lexislación. É porque non teñen intención de retiralo. Aparcouse por agora e despois seguira adiante, igual que pasou co aborto. Polo tanto, a moción esta é urxente. Para o BNG o rexistro público de funcionarios gratuíto e no ministerio de xustiza.

➤ Dona Rosa Solla: Estamos de acordo. Moaña ten Rexistro Civil e non queremos que cambie a gratuidade e apoiaremos esta moción, consideramos un servizo que se debe manter no noso pobo.

➤ Unha veciña: É importante e o que dixo Odilo. A lei do 2011 non di quen vai levar o Rexistro Civil e di que non queda na Administración de Xustiza. O problema é que o queren sacar da Administración de Xustiza. ¿Como garantir que e un servizo público? Queremos que quede no ámbito da administración de Xustiza. Ten unha función moi importante, na maioría dos pobos funciona con rapidez. Os funcionarios seguirán coas medidas e mobilizacións ata que se modifique a lei. Queremos que se modifique a norma.

Sometido o tema a votación, o Pleno da Corporación, por unanimidade dos dezaseis membros presentes, dun total de dezasete que compoñen a Corporación, acordan:

1. Expresar o rexeitamento ao Real decreto-lei 8/2014, do 4 de xullo, de medidas urxentes para o crecemento, a competitividade e a eficiencia, instando o Goberno do Estado español á inmediata derogación deste real decreto e á paralización do traspaso do Rexistro Civil aos rexistros da propiedade e mercantís.

2. Instar a Xunta de Galiza a que demande do Goberno central que se garanta o servizo público, a atención nos xulgados de paz e a gratuidade futura nas funcións que prestan os rexistros civís.

4. No ámbito de Moaña, reiterar os acordos unánimes a prol do mantemento do Xulgado de Paz de Moaña, coas competencias e servizos actuais, nomeadamente as referidas ao Rexistro Civil, nas mesmas condicións de servizo público gratuíto.

4. Dar traslado deste acordo ao Goberno central e á Xunta de Galiza.

8º.- MOCIÓN DA AAVV A CHAMUSCA PARA A MODIFICACIÓN DO REGULAMENTO DE PARTICIPACIÓN VECIÑAL

➤ O Sr. Alcalde: Esta petición interpretouse como unha moción e fixo o secretario un informe.

➤ Don Francisco Ferreiro: era unha reflexión aos partidos políticos, e buscábase un consenso. Pero incluíuse como unha moción. Podíase incorporar un procedemento. Cando se aprobe o tema, deberase incorporar o informe de secretario. Énos grata a eficacia administrativa do Concello.

Tras a expresadas aclaración, non se debate o dito asunto.

9.- MOCIÓN DA PLATAFORMA EN DEFENSA DA SANIDADE PÚBLICA

«PLATAFORMA DEFENSIVA SANIDADE PÚBLICA DE MOAÑA

MARUXA BOUBETA PENA, provista co DNI 35897654, con domicilio en Rúa Ramón Cabanillas, 134-2º de Moaña, en nome e representación da Plataforma en Defensa da Sanidade Pública de MOAÑA ao pleno da Corporación Municipal fai a Seguinte:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

En relación cos servizos da Unidade de Fisioterapia que presta o Sergas en Moaña e con data 6 de febreiro de 2015 diriximos un escrito a Xerencia do Chuvi nos seguintes termos.

"O establecemento en Moaña do servizo de Fisioterapia e Odontoloxía significou no seu momento un grande éxito, compartido entre os veciños de Moaña, a Plataforma, o Sergas e o propio Concello de Moaña que fixo un fortísimo esforzo económico na adaptación e alugamento dos locais na Rúa Don Donato, no barrio do Rosal.

Cinco anos despois a satisfacción é maior aínda, por canto o grado de calidade do servizo prestado polo único fisioterapeuta que traballa nestas instalacións e altamente valorado polos usuarios, demostrando unha óptima rendibilidade asistencial pero xa non é suficiente para a demanda existente.

Os ratios recomendados para este servizo establecen o mínimo de UN FISOTERAPEUTA por cada 12000 cartillas, e así en Cangas existe DOUS profesionais, mentres que en Moaña só dispoñemos de UN con case 20.000 cartillas.

Pero ademais non se cumpriu co compromiso de cubrir unha praza de AUXILIAR DE ENFERMERÍA, xa que o Sergas sen explicación algunha decidiu amortizala. Esta situación fai que o traballo do único fisioterapeuta sexa menos efectivo xa que debe realizar numerosas tarefas complementarias que non lle corresponden.

*A consecuencia é, que a pesar do magnífico traballo do profesional, a lista de espera está xa situada nuns límites inaceptables: **6 meses** para tratamentos ordinarios ou mes e medio para os urxentes, estando nesta situación de espera case douscentos pacientes. E as patoloxías reincidentes só poden ser tratadas **UNHA VEZ AO ANO**.*

Existen circunstancias específicas desta vi/a que reforzan este diagnóstico da clara insuficiencia do servizo:

- As distancias aos hospitais de referencia (POVISA ou CHUVI) e os custes do transporte exclúen como alternativa a asistencia aos mesmos polos usuarios .*
- As características socio-laborais da zona producen un altísimo número de patoloxías traumáticas (mariscadoras, mariñeiros, traballo nas bateas, etc.) que esixen un traballo de*

recuperación prioritario.

- *Un solo fisioterapeuta ten que atender as consultas derivadas desde o Centro de Atención Primaria por 16 médicos (de familia, pediatras ou odontoloxía).*
- *As instalacións teñen suficiente espazo e medios para o traballo de máis de UN profesional, cando ademais este centro permanece pechado pola tarde e sen actividade algunha.*
- *Que estes locais "ociosos" son sufragados directamente polos veciños de Moaña ao estar en réxime de alugamento a cargo do Concello de Moaña.*

En consecuencia, solicitamos

1. *A cobertura dunha nova praza de fisioterapeuta e de auxiliar de enfermería.*
2. *Mantéñase abertas e operativas as instalacións en quenda de tarde.*

Tamén, manifestar o noso total apoio a campaña de sinaturas a favor destas reivindicacións iniciada e desenvolvida nos últimos días en Moaña por usuarios anónimos que ven a por de manifesto a urxencia da solución e a conciencia social sobre esta demanda. "

Con data 15 de marzo diriximos o seguinte escrito, continuación do anterior, como resposta ao do Xerente que se xunta a esta proposta de moción.

*"A nosa afirmación de que "Os ratios recomendados para este servizo establecen o mínimo de UN FISOTERAPEUTA por cada 12000 cartillas, e así en Cangas existe DOUS profesionais, mentres que en Moaña só dispoñemos de UN con case 20.000 cartillas. ", vostede responde que **"son 18.420 cartillas das que 2.400 son menores de 15 anos e que as demais unidades teñen ratios máis altos(media 1/15.900) nas que se atenden pacientes dos especialistas de Rehabilitación (procedentes de hospitais) ademais dos de Atención Primaria"***

Non conseguimos entender a exclusión dos menores de 15 anos do cómputo das cartillas de Moaña. Estes son pacientes maioritariamente de AP que precisan os tratamentos de Fisioterapia para patoloxías de crecemento, escordaduras, de columna, respiratorios,etc, sendo un colectivo cunha demanda de tipo psicolóxico maior que nos adultos pola presión e preocupación propia dos pais respecto a saúde dos menores.

Esta separación entre menores e adultos, co obxectivo de "rebaixar" o ratio de Moaña non é de recibo, senón todo o contrario: a súa prevalencia engade un valor cualitativo a pura estatística, de tal xeito que podemos afirmar que si en Moaña hai 18.420 cartillas, a carga de traballo desta Unidade é superior pola existencia de 2.400 menores por unha banda, e por outra de numerosos adultos con patoloxías traumáticas crónicas (mariscadoras, mariñeiros, traballo nas bateas, etc.) que esixen un traballo de recuperación prioritario e continuado no tempo.

Ademais compre subliñar outra singularidade da unidade de Moaña como é o carácter mixto das instalacións de fisioterapia e odontoloxía. Esta situación propicia o tratamento de fisioterapia nun perfil específico de pacientes con patoloxías ATM que non se dá no resto das unidades comparadas.

Tampouco nos resulta comprensible o argumento da "orixe ou derivación" dos pacientes para establecer unha comparación en contra do servizo de Moaña. O paciente será tratado polo profesional en función da patoloxía que padece e da súa gravidade, non en función de si ven derivado de Atención Primaria ou do Especialista. E certo que, con carácter xeral, a persoa que ven dunha operación do hospital pode presentar unha recuperación máis complexa que outras doenzas puntuais. En definitiva, o importante non é quen " os deriva" senón o paciente e a súa patoloxía.

Pero para poder comparar o Servizo de Moaña, que non atende patoloxías complexas porque estas son competencia de Povisa e rehabilitados no propio hospital, con outras Unidades que si os atenden por estar moi lonxe do hospital de referencia (Tui, A Cañiza, Ponteareas ...), precisamos coñecer o número de pacientes/ano de Moaña con patoloxías complexas que son tratados en Povisa. Ponderando esas cifras poderíamos realmente comparar os ratios que a Xerencia nos presenta como xustificación para non ampliar o servizo en Moaña.

A afirmación, sen datos, de que a Unidade de Moaña ten o mellor ratio de toda as da EOXI de Vigo con porta única de entrada de AP e que as demais unidades periféricas teñen ratios máis altos (1/15.900) porque atenden a pacientes de Atención Primaria e Especialista, resúltanos simplemente incompreensible e improbable, así como esa media xeral de 1/15.900.

Os datos dos que dispoñemos nos indican o seguinte:

- Redondela, con 34.000 cartillas ten 3 Fisios ratio 1/12.000*
- Tui, con 39.000 cartillas ten 3 Fisios ratio 1/13.000*
- A Cañiza, con 11.000 cartillas ten 1 Fisio ratio 1/11.000*
- Ponteareas, con 40.000 cartillas ten 3 Fisios ratio 1/13.000*
- Cangas, con 26.000 cartillas ten 2 Fisios ratio 1/13.000*

- **MOAÑA, con 18.420 cartillas ten 1 Fisios ratio 1/18.000***

Ademais,

Diciámos "non se cumpriu co compromiso de cubrir unha praza de AUXILIAR DE ENFERMERÍA, xa que o Sergas sen explicación algunha decidiu amortizala" Poderían indicarnos en que situación se atopan o resto das Unidades ao respecto?

Lle informábamnos "que a lista de espera está xa situada nuns límites inaceptables: 6 meses para tratamentos ordinarios ou mes e medio para os preferentes, estando nesta situación de espera case douscentos pacientes. E as patoloxías crónicas só poden ser tratadas UNHA VEZ AO ANO.

Agrademos a súa contestación, pero o intricado da argumentación e a mestura de datos pouco clarificadores nos reafirman na demanda de reforzo da Unidade de Moaña, a expensas de novos datos que nos poidan indicar o contrario.

Como consecuencia de todo o manifestado, solicitamos a Corporación e ao Goberno Municipal, someta a aprobación un acordo nos seguintes termos:

En relación cos servizos da Unidade de Fisioterapia de Moaña, esixir da Consellería de Sanidade:

- 1. A cobertura dunha nova praza de fisioterapeuta e a de auxiliar de enfermería.***
- 2. Que se manteñan abertas e operativas as instalacións en quenda de tarde.***

Moaña, 23 de abril de 2015.Asdo. Maruxa Boubeta Pena.»

Intervencións:

➤ Don Francisco Ferreira: Cónstanos que a Plataforma recolleu sinaturas, máis de 2.000 polo tema do fisioterapeuta. Nós fixemos una xestión ante o xerente do CHUVI pero foise o xerente e o actual non respondeu, e parécenos oportuno traelo ante o Concello. A fisioterapia está moi valorada. Hai un fisioterapeuta por cada 12.000 cartillas en cangas, aquí hai un para 19.000 en Moaña. Están tardando moito en resolvelas. O xerente respondeunos que hai 2.400 nenos e 18.000 cartillas. Non se sabe por que reducen os 2.400 nenos. Entenden que non se deben

reducir esas 2.400 cartillas dos nenos. Di que Moaña non atende hospitais, pero noutros non se di a porcentaxe, e deberían darnos eses datos desagregados, cantos nenos, cantos son de hospitais para poder comparar. A ratio é de 1 para 18.000. en Moaña está máis demandado. Pide que se cubra 1 nova praza de fisioterapeuta.

➤ Don Odilo Barreiro: O BNG apoia a moción porque é necesario ampliar o servizo para os veciños de Moaña. Os argumentos do xerente do CHUVI deixan en evidencia a Xerencia. Debería estar resolto nestes catro anos, que non fixeron nada. O local de fisioterapia conseguiuuse polo BNG, e o PP quería trasladar á Casa do Mar e en catro anos non o fixo. Se se fixese, a Xunta de Compensación de Sisalde estaría resolta.

➤ O Sr. Alcalde: Ten pouca memoria, os veciños de Meira agora teñen un local digno. Non minta tanto, terá que cambiar as lentes se non o mira.

➤ Don Odilo Barreiro: A sanidade interesáballe cando estaba na oposición.

➤ O Sr. Alcalde: A saúde aféctanos a todos. Vostede ten pouca memoria. A sanidade non ten color política.

➤ Dona Marta Freire: A vostede aféctalle cando está na oposición.

➤ Don Odilo Barreiro: Apoiamos a moción.

➤ Alcalde: As cousas que lles interese aos veciños de Moaña ímolos apoiar.

➤ Don Odilo: Apoia a moción ben fundamentada, é un servizo demandado en Moaña e se deixa en evidencia a Xerencia e debería estar resolto nestes catro anos, se se crease a Xunta de Compensación e se cedesen os temas para o Centro de Saúde. Tamén pedían o pediatra pola tarde. Vostedes se fixeron algo, foi trasladar o centro de Meira ao lado da farmacia.

➤ Dona Rosa Solla: Apoiamos a moción, necesitamos un fisioterapeuta e sabemos da recollida de firmas e apoiamos o Sr. alcalde e esperabamos que se aumentase un fisioterapeuta máis para mellorar o servizo e reducir o tempo de espera.

➤ O Sr. Alcalde: Estiveron comigo os veciños e recolléronse as firmas e eu tamén firmei e eu falei co SERGAS pero non atendeu o SERGAS as nosas peticións. O 15 de febreiro presentou as firmas e mandámolos a Sanidade dende o Concello e o 27 de febreiro xa me trouxeron contestación. Vicente Verdeal falou persoalmente e fixemos xestións e intentamos conseguir ese novo fisioterapeuta e entre todos intentamos sacalo adiante. Desde o Concello, estase axudando en todo o que se pode.

➤ Don Francisco Ferreira: O 23 de febreiro déronnos a contestación.

➤ Alcalde: Pedían reunión con Javier Caramés para intentar arranxar o problema.

➤ Don Vicente Verdeal: Ese señora promoveuno. A sanidade aféctanos a todos e púxenme en contacto co Sr. Caramés e intentamos que teñamos outro fisioterapeuta. Preocúpanos a todos.

➤ Paco Ferreira: Temos que imitar esa persoa, pero queremos saber que fixo o grupo de goberno.

➤ O Sr. Alcalde: Ten problema nas trompas de Eustaquio.

Sometido o tema a votación, o Pleno da Corporación, por unanimidade dos dezaseis membros presentes, dun total de dezasete que compoñen a Corporación, acordan:

En relación cos servizos da Unidade de Fisioterapia de Moaña, esixir da Consellería de Sanidade:

1. A cobertura dunha nova praza de fisioterapeuta e a de auxiliar de enfermaría.
2. Que se manteñan abertas e operativas as instalacións na quenda da tarde.

10º.- DACIÓN DE CONTA: SOLICITUDE DE TRANSFERENCIA FINALISTA PARA O COFINANCIAMENTO DOS SERVIZOS SOCIAIS COMUNITARIOS DE TITULARIDADE MUNICIPAL

O Sr. Alcalde dá conta de que a Xunta de Goberno Local na sesión da data 27/03/2015 adoptou, entre outros, o seguinte acordo:

«18.- SOLICITUDE TRANSFERENCIA COFINANCIACIÓN SERVIZOS SOCIAIS MUNICIPAIS

A traballadora social, Mar Soage Bernárdez, remite o seguinte informe-proposta, datado o 26 de marzo de 2015, que textualmente di:

ASUNTO:

Solicitud de transferencia finalista para o cofinanciamento dos servizos sociais comunitarios de titularidade municipal e acórdase a correspondente achega da corporación local.

Mª del Mar Soage Bernárdez, traballadora social deste Concello, informo de que segundo o Decreto 99/2012, do 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento, faise necesaria a presentación da solicitude da transferencia finalista para o cofinanciamento destes.

Polo tanto,

PROPONSE:

Solicitar á Consellería de Traballo e Benestar a transferencia finalista para o cofinanciamento dos servizos sociais comunitarios de titularidade municipal regulada no Decreto 99/2012, do 16 de marzo.

Que o importe total do financiamento solicitado, segundo se reflicte no resumo xeral deste anexo V, é de 357.907,18 €, co seguinte detalle:

- Persoal: 30.026,00€
- Axuda no fogar:
o Modalidade para persoas valoradas como dependentes: 267.881,18 €
- Xestión de programas: 60.000 €
- Investimento: 0,00 €

Incluír na declaración que os servizos sociais comunitarios municipais seguen a prestarse con continuidade.

Que se adopte o compromiso de cofinanciar o mantemento e o desenvolvemento dos servizos sociais comunitarios de titularidade municipal incluídos no proxecto anual presentado para a solicitude da transferencia finalista correspondente ao exercicio 2015 na contía de 109.447,55 €, que supón unha porcentaxe do 30,57 % sobre o orzamento total do proxecto, excluídas outras achegas autonómicas.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda aprobar a proposta nos seus xustos termos, dando conta posteriormente ao Pleno.»

O Pleno da Corporación queda ao corrente.

11º.- ROGOS E PREGUNTAS

Non se producen.

E non tendo outros asuntos que tratar, o Sr. Alcalde acorda rematar a sesión ás 22:17 horas co que se dá por terminado o acto, redactándose a presente acta que asina o Sr. Alcalde-Presidente, comigo secretario, de todo o cal eu dou fe.

Vtº E PRACE
O ALCALDE

O SECRETARIO

Asdo.: José Ferverza Costas

Asdo.: Adamantino Barreiro García